

DOSSIER DE ACTIVIDADES DO TEMA 6. O SECTOR SECUNDARIO

Nome e apelidos:	
------------------	--

- 1. Define sector secundario. Cales son as súas principais actividades?**

--

- 2. As industrias clasifícanse segundo:**

Segundo os produtos que fabrican	
Segundo o seu desenvolvemento técnico	
Segundo o volume de materias primas que manexan	
Segundo o seu tamaño	

- 3. Que diferenzas podes establecer entre unha economía circular e unha economía lineal? Cal das dúas é máis beneficiosa para o medio ambiente?**

4. Como era a produción de bens antes da Revolución industrial?

--

5. Realiza un esquema onde sintetices as catro grandes etapas do proceso de industrialización.

Primeira etapa (1770-1870)	
Segunda etapa (1870-1945)	
Terceira etapa (1945-1990)	
Cuarta etapa (a partir de 1990)	

6. Que é a industria 4.0?

--

7. Explica que tecnoloxías forman parte da Cuarta Revolución Industrial:

8. Que factores teñen en conta as industrias á hora de elixir a súa localización? Cal deles consideras que é máis importante? Razoa a resposta.

9. A que se denomina cluster tecnolóxico? Que outro nome recibe?

10. Define deslocalización industrial?

11. Sinala as rexións industriais tradicionais e as emerxentes:

Tradicionais: Europa Occidental, Estados Unidos e Xapón
Emerxentes: China, Corea do Sur, Sueste asiático ou Brasil

12. Sinala as consecuencias positivas e negativas deste proceso de deslocalización industrial:

POSITIVAS	NEGATIVAS
A redución dos custos de produción industrial, que lle permite ás empresas seren máis competitivas.	A explotación laboral nos países emerxentes, pois carecen de lexislacións que garantan o benestar e unha remuneración axeitada.
A creación de emprego e a dinamización da economía nos países emerxentes.	A perda de empregos directos e indirectos e mailo peche de fábricas nos países desenvolvidos.

13. Que efectos produce no medio ambiente a deslocalización industrial? Pensa cales poden ser as posibles solucións:

Teñen un alto impacto medioambiental, debido ás emisións e á sobreexplotación das materias primas
Cambio de modelo cara una industria máis respectuosa co medio ambiente.

14. Observa o mapa da páxina 125. Sinala as rexións máis desenvolvidas. Que países acolleron a primeia fase da deslocalización industrial? E a segunda?

Rexións máis desenvolvidas: Norteamérica, Europa, Xapón e Australia e Nova Zelandia.
1ª Fase: Brasil, India, China, 2ª Fase: México, Nixeria, Exipto, Turquía, Sudáfrica, Paquistán, Sueste Asiático.

15. Cales son as diferenzas entre as enerxías renovables e non renovables? E entre as enerxías primarias e as secundarias?

Renovables: aquelas cuxa dispoñibilidade é **ilimitada** (eólica, hidráulica, solar, xeométrica, mareomotriz e da biomasa).

Non renovables: aquelas cuxas reservas son **limitadas** (petróleo, carbón, uranio ou gas natural)

16. Completa o seguinte cadro sobre as enerxías non renovables:

	ORIXE	EMPRÉGASE
CARBÓN	Orixinado hai millóns de anos pola acumulación de vexetais no fondo de augas pouco profundas.	Principal fonte de enerxía ata hai unhas décadas (locomotoras, telares, calefacción...).
PETRÓLEO	Ten a súa orixe na acumulación durante millóns de anos de zooplancto e de algas no fondos de mares e lagos.	Emprégase como fonte de enerxía no transporte, para obter electricidade, e como materia prima na industria petroquímica (plásticos e asfaltos).
URANIO	A fisión controlada dos seus átomos xera elevada temperatura para producir electricidade	Material empregado como combustible nas centrais nucleares.
GAS NATURAL	Aparece a miúdo en xacementos asociados ao petróleo.	A súa utilización medrou como combustible para calefacción e centrais térmicas.

17. Sinala os diferentes tipos de enerxías renovables:

Eólica, Hidráulica, Solar, Xeotérmica, Biomasa e Enerxías do mar (mareomotriz, das ondas etc..)

18. Pensa. Que é máis urxente para o planeta, o esgotamento dos combustibles ou os seus efectos contaminantes?

Os seus efectos contaminantes

19. Observa o mapa e sinala que países son os maiores produtores e consumidores de enerxía do mundo.

Principais produtores: China, os EEUU, a Federación Rusa, Arabia Saudita, India, Canadá, Indonesia, Irán e Australia.

Principais consumidores: China, EEUU, India, Rusia, Xapón, Brasil, Alemaña, Canadá e Irán.

20. Define minaría. Explica por que os recursos mineiros son considerados estratéxicos.

Actividade encargada de obter recursos minerais da natureza para o seu posterior uso individual.

Pode supoñer unha boa fonte de ingresos para moitos países menos desenvolvidos.